

Os días 25 e 26 de abril terá lugar o segundo módulo do curso

“A interpretación non é un discurso, buscamos que o visitante participe”

- Asegurou Carlos Fernández Balboa no curso de Museografía e interpretación do patrimonio que imparte no CEIDA

Oleiros, 12 de marzo de 2008. O museógrafo arxentino **Carlos Fernández Balboa** repasou esta mañá os principios da interpretación durante o curso de Museografía e Interpretación do Patrimonio Natural que está a impartir no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia - .

Fernández Balboa enunciou os seis principios da interpretación según Freeman Tilden, onde sinalou a importancia do que teñen os visitantes, “a interpretación non é un discurso, buscamos que o visitante participe”, afirmou o museógrafo. O primeiro deles consiste en que calquera interpretación que non se relaciona coa persoalidade ou a experiencia do visitante será inútil. En segundo lugar, dixo que a interpretación é unha arte que convina outras artes, xa sexan científicas, históricas ou arquitectónicas, calquera arte se pode ensinar ata un certo punto. O terceiro principio de Freeman é que o obxectivo fundamental da interpretación non é a instrución, senon a interpretación.

En cuarto lugar, a información como tal non é interpretación, sen embargo, toda interpretación require de información. Fernández Balboa explicou o principio de que a interpretación debe representar un todo e non unha das partes e, ademais, debe dirixir a mensaxe á totalidade das persoas. Por último, o sexto principio é que a interpretación para os nenos non debe ser unha simplificación da que se fai para os adultos, débese de presentar cun programa a parte.

Iniciativas

Desta forma, os cerca de cincuenta asistentes a este curso coñeceron as iniciativas nas que a interpretación serve para mellorar a xestión e o deseño de exposicións en espazos expositivos. Durante o curso, que remata esta tarde, expoñeranse algunhas experiencias exitosas na comunicación amena e comprensible de coleccións, exposicións e outros elementos de interese natural.

Este curso está formado por un segundo módulo centrado na museografía e interpretación do patrimonio cultural, que se celebrará os días 25 e 26 de abril e será impartido pola conservadora e fundadora do Museo da Torre de David – O Museo da Historia de Xerusalén -, **Renée Sivan**.

Os interesados poderán obter máis información en www.ceida.org, formacion@ceida.org ou no teléfono 981 630 618.

Saúdos,

Área de Información e Comunicación do CEIDA